

### ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

#### **ASUNTO: CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN DE ESPECTÁCULOS DAS FESTAS PATRONAIS DE SAN FROILÁN 2012 ORGANIZADOS POLO CONCELLO DE LUGO**

-----  
Sendo as 09,30 horas do día 21 de setembro de 2012, no salón de Plenos do Concello (sito na Praza Maior), constitúese Comisión de Festas actuando como Mesa de Contratación, presidida polo Ilmo. Sr. Tenente de Alcalde da Área e titular da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua don Antón Bao Abelleira e actuando como vocais dona Sonia Méndez García e Esther Muñoz, polo Grupo Municipal Socialista, don Angel Trabada Gómez en representación do Grupo municipal do PP, don Marcial Rodríguez Toajas interventor xeral do Concello, dona Ana I. Saez Mancebo, letrada asesora do Concello, dona Matilde García Losada, xefa da sección de cultura e actuando como secretaria dona Ana Tabares Martínez, Técnica do servizo de contratación.

Abre a sesión a Sr. Presidente e procédese por parte da Sra. Srecetaria a informar que todas as empresas as que se lles requeríu documentación a presentaron en tempo e forma procedendo a continuación a dar lectura do informe técnico da sección de cultura do Concello en relación á valoración económica das melloras, e os os proxectos de produción ofertados polas empresas participantes, co seguinte teor:

“Asunto: Contratación da produción dos concertos do San 2012  
Melloras propostas polas empresas EMSAC e LUZSONGA

#### **INFORME DA SECCIÓN DE CULTURA.-**

Vistas as seguintes propostas:

##### **1.- LUZSONGA.**

- Ofrece un electricista cualificado para a conexión das acometidas de corrente das orquestras que actúen no San Froilán-2012. Valoración: 1.080 euros máis iva.
- Ofrece, asemesmo, 3 cadros de subministro de enerxía eléctrica nos puntos que se soliciten. Valoración : 900 euros máis iva.

##### Praza Horta do Seminario

- Instalación dun escenario tipo Orbit con medidas 20mX12 . Con soporte de carga de 2.000 kgs. Este tipo de escenario ten unha cuberta que, a modo de capota, sobresa e protexe da choiva. Valoración da mellora: 4.500 euros máis iva.

##### Praza Santa María

- Instalación dun escenario tipo Orbit con medidas de 12,5X10m. Soporta unha carga de 2000 kgs. A cuberta exténdese como capote que sobresa da planchada e protexe da choiva. Valoración da mellora: 1.800 euros máis iva.
- E para a Praza do Campo propón a mellora dunha planchada de de 8 x 4 metros.

## CONTRATACION

MLA/rdi

Ref: PRODUCCIÓN SAN FROILÁN 2012

Asunto: acta lectura informe técnico e adxudicación

Valoración da mellora: 450 euros máis ive.

### 2.- NALGURES PRODUCCIÓN.

#### Horta do Seminario:

-Ampliación do fondo do escenario 1m para deixar paso e zona de traballo pola parte traseira do meso. Prezo 288 euros máis ive.

-Instalación de cantilebel de 3 metros para protexer da choiva a boca do escenario. Prezo 630 euros máis ive.

-Torres para pantallas de proxección. Valoración 500 euros máis ive cada torre.

#### Praza de Santa María.

-Colocación de 600 cadeiras para os espectáculos que se poidan precisar en un prazo máximo de 3 xornadas consecutivas.

- Instalación de canalón polo lateral esquerdo do escenario. Valoración: 273 euros máis ive.

#### Praza do Campo:

-Instalación de cuberta a 3 m. de altura de planchada. Valoración: 650 euros máis ive.

A funcionaria que subscribe informa o que segue:

#### Melloras da empresa LUZSONGA:

- A oferta dun electricista para atención das demandas das orquestras non se pode ter en conta porque esta necesidade está prevista no prego de alumado ornamental.

- Tres cadros de enerxía eléctrica a instalar onde demanden os responsables da organización. Non especifica a potencia pola valoración que fai enténdese de 12.000 w.

- A proposta de instalación dos escenarios tipo ORBIT supón unha mellora relevante pola estética, polas dimensións e porque soporta cargas superiores a 2.000 kgs. e dispón de capota que sobreae para protexer a boca do escenario.

Dimensións propostas 20 x 12 m. e na parte máis alta 9,92 m para a Praza da Horta do Seminario e para a Praza de Santa María 12,5 X 10 m. e na parte máis alta 8,00 metros.

- E considero como mellora a proposta de ampliación da planchada na Praza de Campo Castelo porque supera, ó igual que os outros espazos escénicos, o mínimo existido.

**IMPORTE TOTAL DAS MELLORAS: 1.089 +5.445 +2.178 + 544,5= 9.256,5 euros (ive incluído).**

Melloras de NALGURES PRODUCCIÓN.

Praza Horta do Seminario:

## CONTRATACION

MLA/rdi

Ref: PRODUCCIÓN SAN FROILÁN 2012

Asunto: acta lectura informe técnico e adxudicación

- A ampliación de 1 m. na profundidade supón mellora para o persoal implicado no escenario. (As dimensións do escenario requerido son de 14 x10 metros e 10 m. de altura).- Axústase o prego o tipo de escenario proposto: Layher
  - Instalación de cantilebel para protexer a boca do escenario. -
  - Torres de pantallas de proxección. Non figura esta demanda nin no prego de produción nin no prego de luz e son. Neste departamento no consta pago destas estruturas entendemos que teñen que estar incluídas como equipamento do video.
- Praza de Santa María:
- Instalación de 600 cadeiras tres xornadas consecutivas. Oferta relevante si a programación desa Praza demanda as cadeiras e da maneira que se propoñen.
  - Canalón no lateral esquerdo. Oferta interesante porque é a zona de maior afluencia do público á Praza.
  - Cuberta do escenario de Campo Castelo. Oferta interesante e con altura adecuada á zona.

**IMPORTE TOTAL DAS MELLORAS: 348,48 € + 762,3 + 1210 + 1089 + 330,33 +786,5 = 4.526,61 €.**

E, en cuanto o proxecto de produción, considero que as dúas empresas presentaron un proxecto adecuado e axustado ó obxecto do contrato, polo que poden obter a puntuación de 5 puntos.

Esto é o que cómpre informar, no obstante a Mesa de Contratación, con superior criterio e, en cumprimento do que establecen os pregos, pode revisar a valoración .”

Procedendose a continuación á apertura da oferta económica, co seguinte resultado:

LUZSONGA, S.L.:

\* prezo: 141.211,23 €, IVE incluído (21%)

NALGURES PRODUCCIONS, S.L:

\* prezo: 137.935,83 €, IVE incluído (21%)

A vista do cal, os membros da mesa, elaboron o cadro de puntuación total obtido por cada unha das empresas participantes, tendo en conta as melloras, os proxectos de produción e a oferta económica:

**CONTRATACION**

MLA/rdi

Ref: PRODUCCIÓN SAN FROILÁN 2012

Asunto: acta lectura informe técnico e adxudicación

	Prezo	Melloras	Proxectos Producción	TOTAL
LUZSONGA, S.L.:	7,83	5	5	17,83
NALGURES PRODUCCIONS, S.L.:	10	2,45	5	17,45

Na súa consecuencia tendo en conta puntuacións finais, os integrantes da comisión de festas acordan por unanimidade propoñer a adxudicación do contrato á empresa LUZSONGA, S.L nas condicións incluídas na súa proposición, por ser a oferta no seu conxunto mais vantaxosa para o Concello

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 10:00 horas.

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo: Antón Bao Abelleira

Asdo: Ana Tabarés Martínez